

APERTURA DE PLICAS

En el Palacio Provincial, a las 10 horas del tercer día hábil siguiente al de la finalización del plazo de presentación de proposiciones; si coincidiera en sábado el primer día hábil siguiente.

OBTENCIÓN DE LOS PLIEGOS

Los pliegos de cláusulas administrativas y técnicas, modelo de proposición y demás documentación están a disposición de los interesados todos los días laborables, durante el plazo de presentación de proposiciones en horario de 9 a 13 horas, en el Servicio de Contratación de la Diputación Provincial, y en la página web: <http://www.depontevedra.es/>

Los gastos de inserción de anuncios y todos los que ocasione el expediente serán por cuenta de los adjudicatarios.

Pontevedra, 29 de diciembre de 2004.—El Presidente, Rafael Louzán Abal.—El Secretario Acetal., Bernardo Sartier Boubeta.

2004011374

A Y U N T A M I E N T O S**PONTEVEDRA****E D I C T O**

Durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por Vehículos Pérez Rumbao, S.A. (Vepersa), de licenza de obras de construcción de nave industrial na parroquia de Mourente, lugar de Casas Novas (expediente nº 24927/03).

Pontevedra, 30 de novembro de 2004.—O Alcalde, P.D. o Tenente Alcalde (Resolución do 01/07/03), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

2004011023

E D I C T O

Durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por Tomás Castro Estévez, e/r de "Video Noroeste Galaico, S.L." de licenza de obras de acondicionamento e apertura de local con destino a video club no baixo do inmoble situado na rúa Joaquín Costa, nº 81 (expediente nº 31403/03).

Pontevedra, 22 de novembro de 2004.—O Alcalde, P.D. o Tenente Alcalde (Resolución do 01/07/03), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

2004011223

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 26 de marzo de 2004 acordou desafectar inicialmente do servizo público o Colexio Público Juan Antonio Suanzes, situado no Poboad de Celulosas, para destinalo a outras actividades de carácter social, cultural e formativo.

O que se fai público durante o prazo dun mes, para os efectos de exame e reclamación.

Pontevedra, 15 de decembro de 2004.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. **2004011350**

* * *

CAMBADOS**E D I C T O**

Téndose elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial da modificación do Regulamento Municipal dos Servicios Urbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, e dando cumprimento ó disposto polo artigo 70.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o seu texto íntegro, que é o seguinte:

**"TEXTO ARTICULADO DO REGULAMENTO
MUNICIPAL DOS SERVICIOS URBANOS
DE TRANSPORTES EN AUTOMÓBILES LIXEIROS
DO ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS**

**CAPÍTULO I
OBXECTO E NORMAS COMPLEMENTARIAS**

Art. 1º.—O obxecto deste Regulamento é o de establecer normas para o exercicio da actividade de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros de aluguer con conductor, e na modalidade de auto-turismos, Clase B), dentro do termo municipal de Cambados.

Son normas complementarias do mesmo o Regulamento dos Servicios Interurbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros, aprobado por R.D. 763/79, de 16 de marzo, o Código da Circulación e os Bandos, normas e instruccions dictadas polo Concello, ou pola Alcaldía, dentro das esferas das respectivas competencias, que non contradigan os ordenamentos xurídicos expresados.

Art. 2º.—O servicio ó que se refire este Regulamento establecese baixo a seguinte modalidade:= Clase B "auto - turismos": Servicios prestados no interior ou fora do solo urbano, por automóbiles lixeiros de aluguer con conductor e sen taxímetro, mediante a aplicación de tarifas municipais ou de ámbito nacional, segundo que o servicio sexa urbano ou interurbano.

CAPÍTULO II AS LICENCIAS

Sección 1ª.—Das Competencias dos Órganos Municipais en relación coas licencias

Art. 3º.—A concesión das licencias para exercelo o servizo de transporte urbano de viaxeiros, para adscribir vehículos ó mesmo e para conducilos, é competencia do Concello, que a desenrolará na forma prevista neste Regulamento.

Art. 4º.—Primeiro.—Corresponde ó Concello en Pleno:

- a) Acorda-la ampliación ou diminución do número de licencias existentes.
- b) Sinala-los requisitos xerais e especiais que deban reunir, en cada caso, os aspirantes ás licencias.
- c) Fixa-lo número e emprazamento das paradas e o sistema de utilización das mesmas.

Segundo.—Será competencia da Xunta de Goberno Local:

- a) A concesión das licencias vacantes ou das que se amplíen.
- b) A retirada das licencias nos casos previstos neste Regulamento.
- c) A concesión e retirada dos permisos para conduci-los vehículos de servizo público e a súa renovación.
- d) Autoriza-la transmisión das licencias nos supostos que proceda, de acordo co Regulamento.
- e) A concesión das atribucións para adscribi-los vehículos ó servizo público e para a súa substitución.
- f) A imposición das sancións previstas neste Regulamento.

Terceiro.—Será competencia da Alcaldía, ou de quen esta teña delegado:

- a) As facultades de inspección sobre o funcionamento do servizo.
- b) A Iniciación de expedientes disciplinarios.
- c) A suspensión das licencias en propiedade, do vehículo ou do conductor, en tanto non se resolva o expediente, se a gravidade da falta o requirise.
- d) Todas aquelas facultades que non estean expresamente outorgadas por este Regulamento ou por disposición de rango superior, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Sección 2ª.—Das Licencias para servicios e vehículos

Art. 5º.—Para o exercicio do servizo público que se rexexe por este Regulamento, será condición,

tal como especifica no artigo 2º, estar en posesión da correspondente licencia municipal, que se solicitará na forma que se establece.

Art. 6º.—Consiérdanse incompatibles para a obtención de licencias:= a) O Alcalde, os Concelleiros e, en xeral, as autoridades e membros da Administración Local, Autonómica, Estatal e Organismos Autónomos.

b) Os funcionarios públicos en activo, das Administracións citadas no apartado anterior.

Arte 7º.—Están incapacitados para obter licencias:

- a) Os que estean comprendidos nalgún dos apartados do artigo 4º do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais.
- b) Os que teñan perdido a licencia por sanción do Concello.
- c) Os que tivesen transmitido, nos cinco anos anteriores, algunha licencia de auto-turismo desta localidade.
- d) Os conductores asalariados ou titulares de licencias que fosen sancionados por actos graves cometidos na prestación do servizo, nos cinco anos anteriores á solicitude da licencia.

Art. 8º.—Quedan excluídos da concesión das licencias municipais, os que sexan actualmente titulares doutra licencia de auto-turismo, ou aqueles que a posuían dentro dos cinco anos anteriores.

Art. 9º.—A ampliación ou reducción, polo Concello, do número de licencias estará xustificada pola necesidade e conveniencia do servizo público, óndois os informes que ó respecto deban emitir a agrupación local de Autopatronos, a Comisión Delegada de Goberno ou Organismos que os substitúan, á vista das especiais condicións da circulación, necesidade de novas paradas no municipio, a súa posible repercusión no tráfico, volume nos transportes colectivos, incremento da poboación, e demás circunstancias que discrecionalmente se aprecien para xustificar ou non a conveniencia e necesidade da concesión de novas licencias.

Art. 10º.—As licencias serán adxudicadas libremente pola Xunta de Goberno Local. Para a adxudicación terase en conta, tanto nos casos de ampliación do seu número, como nos das vacantes que se produzcan, os servicios prestados por asalariados neste eido, que soliciten unha praza, sempre que xustifiquen un mínimo de dous anos de traballo efectivo, dándolle preferencia na adxudicación ó orde de antigüidade e a ausencia de sancións no respectivo expediente persoal.

Art. 11º.—Cando o Concello disponga de licencias para a súa adxudicación, serán anunciadas no B.O. da Provincia, e no taboleiro das Oficinas Municipais, outorgando o prazo dun mes para a presentación de solicitudes.

Art. 12º.—Dentro do prazo sinalado, formuláranse polos interesados as oportunas solicitudes, que deberán ir acompañadas de declaración xurada sobre os seguintes extremos:

- a) Domicilio do solicitante.
- b) Tempo de residencia no municipio.
- c) Confirmación de estar empadroado no municipio.
- d) Manifestación de non atoparse nalguna das causas de incompatibilidade, incapacidade ou exclusión previstas nos artigos 7 e 8 deste Regulamento.
- f) Tempo de antigüidade no servicio, nos casos de asalariados.
- g) Circunstancia de non ter sido sancionados por actos cometidos na prestación do servicio.
- h) Compromiso de presentar, a requerimento do Concello, os documentos acreditativos dos extremos comprendidos na declaración.

Art. 13º.—O procedemento para a adxudicación das licencias é o seguinte:

- a) Exame por parte da Comisión Informativa de Gobernación e Persoal, das solicitudes presentadas, propoñéndose á Xunta de Goberno Local a relación de admitidos e excluídos, para ser exposta ó público, co obxecto de que poidan presentarse posibles reclamacións, durante un prazo de 15 días.
- b) Resoltas as reclamacións, se as houber, pola Comisión Informativa correspondente emitirase dictame, co obxecto de que a Xunta de Goberno Local adopte o acordo correspondente.-

Art. 14º.—As persoas que resulten provisionalmente adxudicatarias das licencias, presentaran no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo dun mes, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do D.N.I. e N.I.F.
- b) Certificación municipal acreditativa de residencia neste municipio e domicilio actual.
- c) Certificación municipal de estar empadroado no municipio, con expresión da data en que se deu de alta.
- d) Fotocopia do carné de conducir.
- e) Certificado municipal de non ter sido sancionado coa perda de licencia para a prestación do servicio, e de non haber transmitido licencia deste Concello, nos últimos cinco anos.

Para os solicitantes asalariados demandarase:

- a) Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten as cotas aboadas á Seguridade Social en beneficio do interesado, especificando as datas de cada un dos pagos realizados.

- b) Certificado expedido polo Concello, no que se faga constar o tempo que leva conducindo, por conta allea, vehículos deste servizo público.
- c) Certificación negativa de antecedentes penais.
- d) Certificación expedida polo titular da licencia, para quen prestou os seus servicios, xustificativos do tempo que leva desempeñando o traballo de asalariado para o mesmo.

Tódolos documentos que se aporten a medio de fotocopia, haberán de ser debidamente compulsados cos seus correspondentes orixinais, polo funcionario encargado do negociado correspondente.

Art. 15º.—A falsidade nos documentos ou na declaración xurada, suporá en todo caso a anulación da licencia outorgada, sen prexuízo de esixi-la responsabilidade penal que corresponda.

Art. 16º.—Recibidos os documentos reseñados anteriormente, darase conta á Xunta de Goberno Local, co obxecto de que no prazo de 15 días ratifique ou ben rectifique a adxudicación provisional efectuada.

Art. 17º.—Primeiro.—Outorgada a licencia, o adxudicatario queda obrigado a presentar, no improrrogable prazo de 60 días naturais, o vehículo correspondente, acompañado dos seguintes documentos:

- a) Certificación da alfândega ou de fabricación, na que consten tódolos datos referentes ó vehículo (marca, potencia, antigüidade), no suposto de non terse matriculado, e o permiso de circulación expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico correspondente, no caso de terse cumplido ese trámite.
- b) Póliza de seguros que cubra con responsabilidade civil ilimitada, os danos a viaxeiros ou a terceiros.

Segundo.—A vista do vehículo e da documentación presentada, e se o primeiro reúne as condicións esixidas, outorgarase a licencia individualizada para o mesmo, que será provisional, en tanto non se presente no Concello o certificado expedido pola Delegación Provincial de Industria, acreditativo de ter efectuadas as revisións que, para vehículos de Servicio público, sinala o Código de Circulación e a tarxeta V.T.

Art. 18º.—No prazo de 60 días naturais, contados dende a data de concesión das licencias, os seus titulares veñen obrigados a iniciar a prestación dos servicios, e cos vehículos afectos a cada unha dasquelas.

En ningún caso poderá deixarse de prestar servizio, durante dez días consecutivos ou corenta alternos dentro de cada ano natural, agás por causa xustificada.

Transcorridos os prazos sinalados, nos distintos supostos, a licencia en cuestión caducará, e o Concello procederá a unha nova concesión ou amortización, segundo o estime conveniente.

Art. 19º.—A licencia municipal, que faculta para a prestación de Servicios públicos, deberá estar estendida a nome de quen figure como propietario do vehículo no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

Art. 20º.—Os concesionarios de licencia poderán substituí-lo vehículo adscrito á mesma, por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supóna mellora para o servicio, reúna as condicións deste regulamento e se obteña a autorización do Concello, previo pago dos dereitos e taxas correspondentes se os houber, seguínse os mesmos trámites para o caso de posta en servicio do vehículo polo titular de nova licencia.

Art. 21º.—As transmisións dos vehículos-automóbiles de aluguer, con independencia da licencia municipal á que estean afectos, leva implícita a anulación desta, agás de que no prazo dun mes, de efectuada a transmisión, o transmítente aplique a aquela outro vehículo da mesma propiedade, contando coa autorización do Concello.

Art. 22º.—As licencias serán intransferibles, agás dos seguintes casos:

- a) En caso de falecemento do titular, en favor do cónxuge viúvo, ou os seus herdeiros forzosos; entre estes, darase preferencia ó de maior idade. Igual criterio aplicarase para os casos de declaración de incapacidade, establecida por sentencia firme e a administrativa ou xudicial de invalidez absoluta, así como a retirada definitiva do permiso de conducir.
- b) No caso de xubilación, o titular poderá transmiti-la licencia, previa autorización do Concello, en favor do seu cónxuge, dun dos seus fillos ou, caso de levar feito o servicio cun conductor asalariado, en favor deste, se leva mais de dous anos ininterrompidos como tal.
- c) Cando a licencia teña unha antigüidade superior a cinco anos, o titular poderá transmitila, previa autorización do Concello, ó conductor asalariado con permiso de conducir e no exercicio da conducción con dous anos de antigüidade polo menos, non podendo obter o primeiro nova licencia no prazo de dez anos, nin o adquirente transmitila de novo máis que nos supostos establecidos no presente Regulamento.

As transmisións efectuadas contravindo os apartados anteriores, producirán a revogación da licencia polo Concello, previa tramitación de expediente, iniciado ben de oficio ou a instancia de parte.

Art. 23º.—Os titulares de licencias para o exercicio do transporte urbano, non poderán arrendar, ceder ou presta-la explotación dos coches provistos da referida licencia, nin outorgar tampouco ningún outro tipo de apoderamento ou mandado a favor doutra persoa para o exercicio do servicio.

A infracción deste precepto, levará implícita a caducidade da licencia e a retirada da mesma.

Art. 24º.—As relacións entre a Administración municipal e os titulares das licencias, realizarase sempre coas persoas que ostenten a titularidade das mesmas, sen que poidan interpoñerse terceiras persoas.

Art. 25º.—Os titulares de licencias virán obrigados a poñer no coñecemento da Administración Municipal, os cambios de domicilio que experimenten.

Art. 26º.—Sen prexuízo do disposto ó tratar das faltas cometidas na prestación do servicio, as licencias perderanse:

- a) Por renuncia expresa do seu titular.
- b) Polo transcurso de 60 días naturais, contados a partir da notificación da concesión da licencia, sen presenta-lo vehículo á consideración do Concello, ou non empeza-la prestación do servicio dentro do referido prazo.
- c) Por incumprimento das obrigas inherentes á licencia.
- d) Por perda das condicións particulares esixidas neste Regulamento para a obtención da licencia.
- e) Por incidi-lo titular en calquera causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas neste Regulamento.
- f) Por retira-lo vehículo permanentemente do servicio, sen motivo xustificado, ou con el, aténdose ós termos do artigo 18 deste Regulamento.
- g) Polo incumprimento das obrigas sobre revisións periódicas.
- h) Por incumprimento das disposicións deste Regulamento, nas que se fai referencia á propiedade ou á utilización do vehículo.
- i) Por transferencia da licencia fora das canles autorizadas por este Regulamento.

Art. 27º.—Os automóbiles de servicio público, con licencias expedidas noutros municipios, non poderán exercer a súa industria en Cambados. Os que por prestación dun servicio para viaxeiros da súa localidade, teñan que circular polo Termo Municipal deste Concello, farano sen utilizar distintivos indicadores de que o vehículo está libre.

Art. 28º.—No negociado correspondente do Concello, levarase un ficheiro de tódalas licencias relativas ó servicio a que se refire este Regulamento. Nese ficheiro iranse anotando os diferentes inci-

dentes relacionados cos seus titulares, e os seus veículos e conductores, tales como substitucións, sancións, accidentes, etc.

Sección Terceira.—Licencias para conducir vehículos

Art. 29º.—Tódolos vehículos adscritos ó servicio previsto neste Regulamento, deberán ser conducidos polo titular, ou persoa asalariada, en condicións legalmente establecidas e coa autorización municipal correspondente.

Art. 30º.—Poderán solicitar o permiso municipal para conducción de automóbiles de servicio público, os maiores de 18 anos, cun ano, polo menos, de residencia neste municipio e que como adxudicatario dunha licencia, ou asalariado, disponga dun vehículo autorizado por este Concello para tal fin, estea en posesión do carné regulamentario e previsto no Código de Circulación, e non se atope en calquera das causas de incompatibilidade ou incapacidade indicadas nos artigos 6º e 7º b) deste Regulamento.

Art. 31º.—A toda solicitud de permiso municipal de conductor dos vehículos a que se contrae este Regulamento, deberá acompañarse os seguintes documentos:

- a) Carné de conducir esixido polo Código de Circulación ou fotocopia autenticada.
- b) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, e de que posúe aptitude física suficiente para conducir un vehículo de servicio público.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Certificado de residencia e de atoparse empadroad no Concello, cun ano de antigüidade como mínimo.
- e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade indicadas no presente Regulamento.
- f) Certificado negativo de antecedentes penais.

Art. 32º.—Os permisos municipais de conducir vehículos de servicio público renovaranse cada 5 anos, mediante a presentación dos documentos señalados no artigo precedente.

Art. 33º.—Os permisos municipais de conducir serán anulados:

- a) Por perder o titular calquera dos requisitos esixidos para ser outorgados.
- b) Por transcorrer un ano sen exerce-la actividade autorizada nos mesmos.
- c) Por resolución recaída en expediente instruído con motivo de faltas cometidas polo titular do permiso.

Art. 34º.—A posesión do permiso municipal de conducir, obtido na forma descrita nos artigos an-

teriores só será válida para conduci-lo vehículo para o que se solicitou.

Art. 35º.—O adxudicatario dunha licencia que contrate ou despida a un conductor asalariado, debe poñelo en coñecemento da Alcaldía, dentro das corenta e oito horas seguintes á data da contratación ou do despido.

Art. 36º.—Os conductores asalariados, cando por abandono dun titular, queiran pasar a prestar servicio con outro, deberán solicitalo do Concello, xustificando as razóns e aportándose, por parte do novo patrón, que será quen tramite tal petición a documentación correspondente ó vehículo.

Art. 37º.—Para obte-lo permiso municipal de conductor, os asalariados deberán presentar o oportuno contrato de traballo e o resgado de atoparse debidamente afiliado á Seguridade Social. Sen eses requisitos non poderán presta-lo servicio.

Art. 38º.—O incumprimento do disposto nos artigos anteriores leva aparellada a perda do permiso municipal de conducir, recaendo a responsabilidade no titular do vehículo, se tal responsabilidade lle fose imputable, podendo derivar diso a perda da licencia.

CAPÍTULO III

NORMATIVA XERAL SOBRE VEHÍCULOS

Art. 39º.—Os automóbiles a que se refire este Regulamento, deberán estar provistos de carrozaría pechada, con portas de fácil acceso, levando nas mesmas, e tamén na parte anterior e posterior do vehículo, ocos acristalados en número e dimensión suficiente, para consegui-la maior visibilidade, luminosidade e ventilación posible; provistos, así mesmo, de vidros transparentes e de material que, en caso de rachar, non resulten perigosos para os viaxeiros.

A limpeza e coidado dos mesmos será inescusables, debendo levar, obligatoriamente, no seu interior, un extintor de incendios homologado.

Art. 40º.—O Concello poderá ordenar anualmente a revisión, por persoal municipal, de tódolos vehículos destinados ó servicio público, para comprobar tanto o bo estado de conservación, presentación e limpeza, como a súa documentación. Os vehículos presentaranse, para a revisión que se ordene, conducidos polo titular ou a persoa asalariada, segundo corresponda.

Sen prexuízo do dito, a Alcaldía poderá ordenar en calquera momento unha revisión extraordinaria a realizar por persoal da Policía Municipal, de todos ou calquera dos vehículos mencionados, sen que nestes últimos casos poida devengarse dereito nin taxa algúnya por tales revisións extraordinarias.

As precipitadas revisións son independentes do exame e recoñecemento a que han de estar sometidos os vehículos de servicio público, obxecto deste

Regulamento, por parte da Xefatura de Tráfico ou a Delegación de Industria desta Provincia.

Art. 41º.—Só poderán faltar á revisión os vehículos pertenecentes a titulares que acrediten documentalmente, ou por testemuñas acreditadas, que se encontraban imposibilitados para cumplir tal requisito, por causa de viaxe, enfermidade do titular ou conductor, ou por calquera outra causa de fuerza maior.

Para os incursos nas causas sinaladas, fixarase outra data dentro dos oito días seguintes ó da revisión xeral.

Art. 42º.—Se a pesar da prórroga concedida no artigo anterior, algún titular non puidese presentalo seu vehículo dentro do citado prazo, solicitará revisión especial dentro dos trinta días seguintes á última data sinala para a revisión oficial.

Art. 43º.—Os titulares das licencias para vehículos que non reúnan as condicións esixidas no presente Regulamento, no momento de efectua-la revisión, perderán temporalmente as referidas licencias, en tanto se proceda ás reparacions oportunas e non poderán prestar servicio novamente sen un recoñecemento previo, no que se acredite a subsanación das deficiencias observadas.

Se as anomalías obedecesen a fallo do motor ou partes mecánicas, os vehículos poderán ser declarados inútiles para o servicio, sen que o titular, por este solo feito, poida reclamar indemnización algúnhia.

No suposto contemplado no párrafo anterior, o titular disporá de 60 días naturais para presentar outro vehículo, que deberá reunir os requisitos establecidos neste Regulamento, para os de nova presentación ou substitución; entenderase caducada a licencia unha vez transcorrido o citado prazo sen terse feita a presentación do segundo vehículo.

Art. 44º.—Nas revisións periódicas dos vehículos presentarase, aparte da xeral para toda clase de vehículos, a documentación que se exixe no Código de Circulación e no presente Regulamento, tanto para os coches como para os titulares de licencias e conductores.

Os axentes da Policía Municipal estarán facultados, en todo momento, para inspeccionar, nas vías públicas ou nas paradas e garaxes, o bo estado de conservación, presentación e limpeza de vehículos, así como da documentación referente ós mesmos, ós titulares da correspondente licencia, e ós conductores.

Art. 45º.—Os vehículos deberán desinfectarse, polo menos unha vez ó ano, e sempre que a Alcaldía ou as autoridades sanitarias así o dispuxesen, por razóns de necesidade ou conveniencia.

Art. 46º.—Os propietarios dos vehículos automóbiles suxeitos á presente regulamentación, poderán instalar neles un aparato de radio, e para poñelo en funcionamento deberá requirirse o consentimento do viaxeiro.

Art. 47º.—Non poderá colocarse ningunha clase de anuncios no interior dos vehículos automóbiles, sen a oportuna licencia municipal.

Art. 48º.—Non se autorizará a posta en servizo de coches con antigüedad superior ós dous anos; os vehículos de inferior antigüedad, que non fosen novos e sen uso, deberán pasar, como requisito previo, unha revisión conforme o ordenado neste Regulamento e, en todo caso, cunha revisión efectuada na Inspección Técnica de Vehículos (I.T.V.) ou organismo que a substitúa.

O cumpri-los dez anos de vida ó vehículo seralle suspendida automaticamente a licencia, quedando obrigado o titular da mesma a poñer en coñecemento da autoridade municipal esta circunstancia, e a súa disposición a exercita-la facultade contida no párrafo 3º do artigo 43 deste regulamento.

CAPITULO IV DOS CONDUCTORES

Art. 49º.—Con independencia das condicións laborais reguladas pola pertinente legislación, os conductores de vehículos comprendidos neste Regulamento, veñen obligados a cumplir escrupulosamente as disposicións do mesmo.

Art. 50º.—Os conductores de vehículos irán provistos do permiso de conducción correspondente e do permiso municipal, que lles autorice para exercela súa profesión no vehículo que conduzan.

Art. 51º.—Os conductores de automóbiles, mentres se atopen de servicio, amosaranse en perfecto estado de limpeza e aseo, e na súa relación co público, gardarán a debida compostura, corrección, educación e cortesía, expresándose sempre con bons modais e evitando toda discusión.

En cumprimento das normas anteriores, prestarán a súa axuda ás persoas de idade avanzada, ós impedidos e ós que, segundo as circunstancias que poida apreciarse, o necesiten.

Non poderán fumar, de quererilo así o pasaxeiro. Tampouco poderán comer ou beber mentres o vehículo estea alugado. Exceptúase desta prohibición o tempo de espera.

Art. 52º.—Estará terminantemente prohibido ós conductores:

- a) Ofrece-los coches a voces e saír ó encontro dos viaxeiros.
- b) Discutir na parada ou situado.
- c) Abandoxa-los vehículos cando estean de servicio.
- d) Situa-los coches en lugares non autorizados para tal fin, a non ser que se atopen alugados ou fóra de servicio.
- e) Levar no asento do lado unha terceira persoa, sen consentimento do viaxeiro que tivese alugado o vehículo.

Art. 53º.—Os conductores dos vehículos virán obligados a proporcionar ó cliente cambio de moeda metálica ou billetes ata a cantidade de mil pesetas.-

CAPÍTULO V DO SERVICIO E DA SUA PRESTACIÓN

Sección Primeira.—Formas e requisitos de prestación do servicio

Art. 54º.—Os automóbiles destinados a este servicio, non poderán ter unha potencia inferior os 1200 cós.

Art. 55º.—Os vehículos utilizarán como distintivos:

- a) As placas "SP", acreditativas de servicio público, indicadas no Código de Circulación.
- b) Levarán no ángulo superior dereito do parabrisas, dianteiro e traseiro, en cor branca e en tamaño suficiente para facelo doadamente visible, o número da licencia que posúe o vehículo.
- c) No exterior da parte superior dianteira, levará unha luz verde ben visible, para indicar que se atopa en situación de libre.
- d) Os vehículos, durante os períodos de servicio, levarán no teito unha chapa rectangular, colocada sobre a baca ou barra correspondente, unha placa rectangular, con fondo amarelo reflexivo, coa palabra "TAXI" e debaixo a de "CAMBADOS", e á dereita o escudo municipal. As letras serán de cor azul reflexivo e o escudo coas cores que lle corresponden. As medidas da citada placa serán de 30 cm. de ancho X 17 cm. de alto.
- e) No interior do vehículo, e de forma perfectamente visible, levarán as tarifas de prezos en vigor, e o número da licencia.

Art. 56º.—O Concello, ordenará e sinalizará as paradas e a súa situación, a capacidade de vehículos en cada unha e a súa forma de estacionamento, que será como segue:

- a) Establécense dúas parada fixas, ás que libremente poderán acudi-los vehículos que disponan de licencia para situarse no casco urbano.
- b) Estas paradas estarán emprazadas a ambas marxes da Avda. de Galicia, fronte o Centro de Saúde.
- c) O servizo organizarase de xeito que os taxis se repartan entre ámbalas dúas paradas, procurando que ningunha estea sen servicio. A estos efectos, si unha das paradas estivera sen taxis e na outra estiveran catro o máis taxis, o novo vehículo que chegue se incorporará á parada baleira. En ningún caso poderá haber máis vehículos nunha parada dos que os que poidan aparcar no espazo sinalizado a tal fin.

Art. 57º.—Os citados puntos de parada non terán carácter definitivo, e poderá o Concello, de apreciarse circunstancias que o requiran, aumentalos, trasladalos, suprimilos ou diminuílos cando razoablemente se estime oportuno, e sen que iso outorgue dereito a reclamación ou indemnización algúns para os concesionarios. = Cada unha das paradas será convenientemente sinalizada.

Art. 58º.—A toma de pasaxeiros na parada será por orde correlativo á situación do vehículo co seu respectivo conductor presente, incluíndose nesta normativa as chamadas telefónicas. En caso de ausencia do conductor no momento de demandarse o servizo, o dereito que lle asistía pasará o seguinte, e así sucesivamente.

Art. 59º.—O Servicio deberá estar cuberto dende as oito da mañá ás dez da noite.

Art. 60º.—Todo vehículo estacionado nunha parada considerarase en disposición de libre, e o seu conductor non poderá negarse a realizar un servizo se non fose por causa xusta.

Consideraranse como causas xustas as seguintes:

- a) Ser requiridos por individuos perseguidos pola Policía.
- b) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó de prazas autorizadas para o vehículo.
- c) Cando nalgún dos viaxeiros se aprecie que está manifestamente bêbedo ou intoxicado por estupefacientes, agás dos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- d) Cando a vestimenta dos viaxeiros ou a natureza dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar dano no interior do vehículo.
- e) Cando sexa requerido para prestar o servizo por vías intransitables ou que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade tanto dos ocupantes, do conductor ou do vehículo, e noutras circunstancias semellantes que poidan apreciarse.

En todo o caso os conductores observarán co público un comportamento correcto e a requerimento dun usuario deberán xustifica-la negativa ante o axente da autoridade.

Cando un vehículo estea contratado con antelación, deberá abandona-la parada 15 minutos antes da hora sinala para inicia-lo servizo.

Art. 61º.—Os conductores non poderán impedir que os clientes leven no coche maletas e outros vultos de equipaxe normal, sempre que caibas na baca ou portaequipaxes do vehículo, non o deterioreen e non infrinxan con tal feito os Regulamentos ou disposicións en vigor.

Os conductores poderán levar no vehículo un cartel que prohiba fumar ós usuarios; do mesmo modo deberán abstenerse de fumar os conductores se a tal efecto fosen requeridos polos usuarios.

Art. 62º.—Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo alugado, e os conductores deban esperar-la volta de aqueles, poderán requerir dos mesmos, e a título de garantía o importe do percorrido efectuado, máis media hora de espera en zona urbana e unha hora en descampado; esgotado ese período, poderán considerarse desvinculados dese servicio.

Art. 63º.—Cando o conductor deba esperar ós viaxeiros en lugares onde o estacionamento sexa de duración limitada, poderá reclamar destes o importe do servicio efectuado, sen obriga pola súa parte de continuar na prestación do mesmo.

Art. 64º.—En caso de accidente ou avaría que faga imposible a continuación do servicio, o viaxeiro, que poderá pedi-la intervención dun axente da autoridade para que o comprobe, deberá aboa-lo importe do servicio ata o momento de producirse a avaría ou accidente.

Sección Segunda.—Das quendas de traballo

Art. 65º.—Co obxecto de garantir unha mellor prestación do servicio ós usuarios, poderá establecerse, de demandalo así os adxudicatarios ou usuarios das licencias municipais, unhas quendas de traballo nocturno. En tal caso daráselles publicidade ás quendas establecidos, coa finalidade de que a veciñanza coñeza a existencia dos mesmos e a quen deben acudir en caso de precisalo.

Art. 66º.—No caso de establecerse dito servicio darase conta á Policía Municipal para a súa comprobación e seguimiento. Non estarán obrigados á prestación dese servicio nocturno ós adxudicatarios de licencias no rural.

Art. 67º.—No caso de establecerse ese servicio nocturno, fixaríase unha única parada na que recoller ós viaxeiros e, en tal caso, prohibiríase o estacionamento e a realización de servicios desde as paradas oficiais, a partir das 10 da noite. En todo caso están exceptuados:

- a) Os días festivos e as súas vésperas.
- b) Os meses de xuño, xullo, agosto, setembro e decembro.

Art. 68º.—Unha vez chegado ó seu destino, o conductor demandará do viaxeiro o importe do percorrido, e entregará recibo da cantidade desengadada, cando o usuario así llo requira. O cobro abusivo, por encima das tarifas aprobadas, será sancionado polo Concello ou Organismos competentes.

Art. 69º.—A Alcaldía e a Policía Municipal serán, en cada caso, as autoridades facultades para dirimir calquera dúbida que xurda sobre a prestación dun servicio.

CAPÍTULO VI

DAS INFRACCIONES E A SUA SANCIÓN

Art. 70º.—As infracciones que, con ocasión de exercer la actividade propia deste servicio, se cometan contra o disposto no Código de Circulación, neste Regulamento e nos Bandos ou normas complementarias, serán sancionadas polos órganos competentes segundo o disposto no artigo 78 do presente Regulamento.

Art. 71º.—De toda sanción imposta ós titulares das licencias ou ós conductores, tomarase nota no expediente do interesado.

Art. 72º.—As infracciones cometidas polos propietarios ou conductores dos vehículos contra este Regulamento, terán a consideración de faltas leves, graves e moi graves.

Art. 73º.—As faltas ou infracciones regularanse atendendo á súa importancia, sinalándose, sen que a súa numeración teña carácter limitativo e si únicamente enunciativo, como específicas, as seguintes:

1º.—Para os titulares das licencias.—Consideraranse faltas leves:

- a) Descuido no estado xeral e aseo interior do vehículo así como do conductor.
- b) A conducción do automóbil por persoa que, contando con permiso municipal, non o teña para o vehículo que conduza.
- c) A falta de prestación do servicio por un día sen estar avariado o vehículo, e sen outra causa xustificada.
- d) As saídas do termo municipal, sen permiso, nos casos en que este sexa esixible.
- e) Non poñer en coñecemento da Administración Municipal os cambios de domicilio.
- f) Instalar anuncios nos vehículos, sen contar coa necesaria autorización municipal.
- g) Non levar instalados nos vehículos os distintivos internos obligatorios.
- h) Non presta-lo servicio diario esixido por este Regulamento, con causa xustificada, sempre que esta non fose posta en coñecemento do Concello.
- i) Non levar expostas en sitios visibles as tarifas vixentes.

Consideraranse faltas graves:

- a) Poñer en servicio o vehículo, non atopándose en condicións idóneas.
- b) Non poñer en coñecemento da Policía Municipal as causas que impidan a prestación do servicio por un día, dentro das 24 horas seguintes á aparición de dita causa.
- c) O non reparar, no prazo concedido, as deficiencias observadas no vehículo ó pasa-las

revisións anuais ou en calquera outro momento, indicado polo Concello.

- d) A non conservación do coche en estado de revisión.
- e) A reincidencia na conducción do vehículo por persoa que, contando con permiso municipal, non o teña para o vehículo que conduza.
- f) O non verifica-las reparacións necesarias para garanti-la seguridade das persoas transportadas.
- g) Circular sen os distintivos exteriores regulamentarios.
- h) Non ter concertada a póliza de seguros esixida, coas características establecidas neste Regulamento.
- i) Non poñer en coñecemento da Administración Municipal a contratación ou despido dun conductor.
- j) Non ter realizada a desinfección obligatoria do vehículo dentro do prazo sinalado.
- k) Continuar sen ter instalados os distintivos obligatorios despois de ser denunciado pola comisión da correspondente falta leve.
- l) Non poñe-los vehículos a disposición das autoridades ou dos seus axentes, cando fosen requiridos, de acordo co establecido neste Regulamento.
- m) Non levar no vehículo o libro de reclamacións.
- n) A comisión, por segunda vez, e no prazo de 6 meses, de calquera das faltas cualificadas de leves.
- ñ) Non estar ó corrente nas exaccións municipais que graven a actividade do servizo.

Consideraranse faltas moi graves:

- a) A reincidencia en falta grave.
- b) A incidencia por parte do titular en calquera das causas de incompatibilidade ou incapacidade, sinaladas no presente Regulamento, continuando no exercicio da actividade.
- c) A transferencia antirregulamentaria das licencias.
- d) A cesión ou aluguer do vehículo para o exercicio da actividade por un terceiro.
- e) O continuar prestando servizo cun vehículo que teña sido retirado do mesmo.
- f) O conducilo vehículo por persoa que non posúa o permiso municipal.
- g) Non presenta-lo vehículo ás revisións que fosen ordenadas.
- h) Non ter afiliado, no caso de conductor asalariado, á Seguridade Social.

- i) As alteracións no contaquilómetros que supoñan un aumento nas tarifas vixentes.
- j) A falsidade na declaración xurada ou na documentación presentada para a obtención da licencia, ou naqueles outros supostos relacionados co servizo, en que sexa precisa a súa presentación na Administración Municipal.
- k) O adscribir ó servizo un vehículo distinto ó autorizado polo Concello.
- l) O incumprimento do establecido neste Regulamento, sobre as relacións directas entre o titular da licencia e a Administración Municipal.

Con independencia das sancións correspondentes a cada unha das infraccións, os supostos contemplados nas letras b,c,d,j,k, das faltas moi graves, levaran aparellada, inescusablemente, a perda da licencia, sen prexuízo do disposto no artigo 26 deste Regulamento.

2º.—Para os conductores.—Consideraranse faltas leves:

- a) O descuido no aseo persoal.
- b) O descuido no aseo interior do vehículo.
- c) O non observa-la preferencia que se sinala para tomar viaxeiros na parada.
- d) A falta de cortesía cos viaxeiros.
- e) A falta da documentación prevista no Código de Circulación e neste Regulamento.
- f) Tomar como parada un lugar distinto do sinalados para ese fin.
- g) Non poñer en coñecemento da Administración municipal os cambios de domicilio que se realicen.
- h) O non observa-las normas sobre circulación, en xeral.
- i) O non realiza-la espera do viaxeiro nos supostos contemplados no artigo 62.

Consideraranse faltas graves:

- a) Percibir tarifas superiores ou inferiores ás autorizadas, ou esixir propinas.
- b) As discusións entre compañeiros de traballo.
- c) Non cumplirlas ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro.
- d) Poñer en servizo o vehículo non estando en condicións de funcionamento apropiadas.
- e) O emprego de palabras ou xestos grosoiros e de ameazas no seu trato co público, ou dirixidas ós viandantes ou conductores doutros vehículos.
- f) Ser condenado en xuízo por faltas cometidas no servizo.
- g) Conducir o vehículo sen ter renovado o permiso municipal de conductor.

- h) Non prestar socorro ós accidentados ou non trasladar ós enfermos ou feridos.
- i) A negativa a presta-lo servicio, sempre que teña obrigación a elo, segundo o establecido neste Regulamento.
- j) Non poñerse a disposición das Autoridades, ou dos seus Axentes, cando fosen requiridos.
- k) Non conducir ós viaxeiros á Policía Municipal para formula-las súas queixas, cando estes llo tivesen requerido.
- l) Non estar afiliados á Seguridade Social, no suposto de que o conductor asalariado non puxese tal circunstancia en coñecemento da Administración Municipal.

Consideraranse faltas moi graves:

- a) Abandonar ó viaxeiro sen rende-lo servicio para o que fora requerido.
- b) Cometer catro faltas leves no período de dous meses.
- c) Conduci-lo vehículo estando bêbedo.
- d) Reter calquera obxecto abandonado no vehículo sen dar conta del á Autoridade competente, dentro das 24 horas seguintes.
- e) A comisión de infraccións cualificadas de moi graves polo Código de Circulación, así como o reiterado incumprimento das normas do citado Código que non teñan aquela cualificación, ou o reiterado incumprimento dos Bandos dictados pola Alcaldía nesta mesma materia.
- f) O conducir vehículos de servicio público sen estar en posesión do permiso municipal de conducir.
- g) A falsidade na documentación presentada ante o Concello tanto para a obtención do permiso de conducir como para a súa renovación, ou calquera outro trámite relacionado co servicio.
- h) Ser condenado por delicto cometido con ocasión da prestación do servicio.

3ª.—Das sancións

Art. 74º.—As sancións consistirán:

- a) Para faltas leves, amoestación e multa de 12,00 a 30,00 €.
- b) Para faltas graves, multa de 30,05 a 150,00 €, e retirada da licencia do vehículo ou permiso municipal do conductor por un tempo comprendido entre os 3 e 6 meses.
- c) Para faltas moi graves, retirada temporal entre 6 meses ou 1 ano, ou definitiva da licencia ou do permiso municipal do conductor, segundo que a falta sexa cometida polo propietario do vehículo ou polo conductor, e multa de 150,05 € a 300 €.

Art. 75º.—Cando o conductor dun vehículo fose o titular da licencia, a sanción de retirada do permiso municipal de conducir, que se lle impuxese pola súa condición de conductor, levará aparellada a retirada, polo mesmo período de tempo, da licencia para a prestación do servicio.

Art. 76º.—A reincidencia, sempre que tal circunstancia non implique modificación na cualificación da falta, será castigada coa sanción máxima correspondente.

*Art. 77º.—Anularanse as inscríxons de faltas no expediente dos sancionados, sempre que o responsable non teña incorrido noutra falta de calquera clase, ó vence-los seguintes períodos de tempo:= **
Para as faltas leves: 1 ano.

- Para as faltas graves: 3 anos.
- Para as faltas moi graves: 6 anos.

A alcaldía poderá dispoñer a reducción deses prazos en favor daqueles sancionados que, sen incidir en novas faltas, tivesen merecido mención honorífica polo seu comportamento no servicio.

Art. 78º.—As faltas leves serán sancionadas pola Alcaldía, previa audiencia do interesado. Nas graves e moi graves instruirase un expediente, de conformidade co que determina a Lei de Procedemento Administrativo, sendo o órgano sancionador, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Art. 79º.—En todos aqueles expedientes en que a resolución consista na retirada de licencia ou perda da mesma polo seu titular, darase previamente audiencia ás centrais sindicais e organizacións de autopatronos, quen deberán pronunciarse no prazo máximo de 15 días, a contar do seguinte a aquel en que fosen notificados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira.—En todo o non previsto neste Regulamento, estarase ó disposto no Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros, aprobado por R.D. 763/79, de 16 de marzo, na Lexislación Local vixente, Bandos e normas da Alcaldía, Código da Circulación, así como nas Ordenanzas e acordos municipais adoptados en materia da súa competencia.

Segunda.—Corresponde á Policía Municipal, a vixilancia no cumprimento de todo o disposto neste Regulamento, debendo denunciar os Axentes á Alcaldía todas aquelas infracción que observen contra as disposicións do mesmo.

Terceira.—Cada tres anos a Corporación Municipal revisará a potencia mínima esixida para os vehículos que se adscriban a este servicio, adaptando os cabalos fiscais esixidos para cada clase de servicio ós avances experimentados pola técnica na mecánica dos automóbiles.

Cuarta.—O presente Regulamento entrará en vigor a partir da súa publicación no B.O. da Pro-

vincia, nos termos establecidos polo art. 70.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor deste Regulamento, queda derrogado o Regulamento Municipal dos servicios Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros do Ilmo. Concello de Cambados, aprobado polo Pleno da Corporación en con data 30.09.1993 e cantas disposicións, bando, ordenanzas, regulamentos e acordos municipais se oponan ó presente Regulamento.

Cambados, a 22 de decembro de 2004.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. **2004011379**

E D I C T O

Aprobada inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión do 23.12.2004, a Ordenanza Reguladora da Taxa por prestación do Servicio de Protección Civil de Cambados, en cumprimento do disposto polo artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ó público o expediente, na Secretaría do Concello, polo prazo de trinta días, a efectos de exame e reclamacións.

De non formularse estas, entenderase automáticamente elevado a definitivo dito acordo de aprobación inicial, en virtude do disposto polo citado artigo.

Cambados, a 27 de decembro de 2004.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. **2004011380**

E D I C T O

Dando cumprimento ó disposto polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que por Resolución da Alcaldía do 18.12.2004:

1º.—Subtitúíuse a D. Néstor Piñeiro Sande como 5º Tenente de Alcalde, membro da Xunta de Goberno Local e Concelleiro Delegado da Área de Educación, Sanidade e Servicios Sociais, designándose para ditos cometidos a D. José Juan Cores Chaves; e,

2º.—Delegouse en D. Nestor Piñeiro Sande as atribucións da Alcaldía en materia de Emprego e Industria, en substitución de D. José Juan Cores Chaves.

Cambados, a 22 de decembro de 2004.—O Alcalde, José M. Cores Tourís. **2004011378**

E D I C T O

Faise público, para xeral coñecemento e ós efectos oportunos, que por Resolución desta Alcaldía, de data 27.12.2004, e a proposta da Comisión Informativa de Educación, Sanidade e Servicios Sociais, delegouse a Presidencia efectiva de dita Comisión en D. José Juan Cores Chaves.

Cambados, a 28 de decembro de 2004.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. **2004011377**

* * *

P O I O

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Orzamento deste Concello para o exercicio económico de 2005, que contén a documentación sinalada nos artigos 162 a 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e en cumprimento do disposto no artigo 169.1 de dito Texto Refundido, expone ó público polo prazo de quince días hábiles, para que durante o citado prazo, poidan formalizarse as reclamacións e suxestións que consideren oportunas ante o Pleno.

O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

Poio, 29 de decembro de 2004.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2004011361**

Juzgados de lo Social

De Pontevedra

Cédula de citación

En cumprimento do ordenado pola Ilma. señora Maxistrada-Xuíz do Xulgado do Social número dous, en autos seguidos baixo o número 53/02, a instancia de José Manuel Blanco Pazos, contra empresa Construcciones Jorge Blanco S.L., Mutua Mapfre S.A. e Fogasa, en reclamación de cantidade, e encontrándose a empresa Construcciones Jorge Blanco S.L., en ignorado paradoiro, cítese para que compareza na Sala de Audiencia deste Xulgado do Social, sito en rúa Rosalía de Castro 5-3^a planta, Pontevedra, con obxecto de asistir ó acto do xuízo que terá lugar o próximo día 28 de novembro do 2005, ás 9.30 horas, advertíndolle que, de non com-